



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE ESTATAL DE SEGUROS AGRARIOS E A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA PARA O INTERCAMBIO DE DATOS A EFECTOS DE XESTIÓN E CONTROL DE SUBVENCIÓNS AOS SEGUROS AGRARIOS DOS BENEFICIARIOS DA SÚA COMUNIDADE AUTÓNOMA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

ANTECEDENTES

O Real Decreto 425/2016, do 11 de novembro, establece as bases reguladoras da concesión de subvencións da Administración Xeral do Estado á subscrición dos seguros agrarios incluídos nos Plans Anuais de Seguros Agrarios Combinados.

O artigo 16 do Real Decreto 425/2016, do 11 de novembro, dispón que a fin de garantir o cumprimento do establecido nos artigos 13 e 14 da Lei 38/2003, o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación, a través de ENESA, xestionará a base de datos para o Control Integral de Acceso a Subvencións (CIAS).

As persoas ou entidades que cumpran os requisitos e obrigacións establecidos figurarán na base de datos CIAS como «subvencionables». As demais constarán como «non subvencionables».

Os interesados que aparezan como «subvencionables» na data de entrada en vigor do seguro agrario terán dereito a percibir as subvencións da Administración Xeral do Estado que lles correspondan, sen prexuízo da presentación da documentación que se requira.

O artigo 17.3 do Real Decreto 425/2016 establece que ENESA poderá solicitar a outras administracións a cesión de información por medios informáticos ou telemáticos, así como calquera outro dato que permita verificar o cumprimento dos requisitos esixidos para a obtención das subvencións reguladas neste real decreto.

Así mesmo, o artigo 17.4 prevé que, co fin de mellorar o sistema de control de subvencións, ENESA poida celebrar convenios con outros organismos públicos e coas comunidades autónomas para o intercambio de información sobre as pólizas contratadas.

O día 22 de decembro de 2017 asinouse o convenio entre a Entidade Estatal de Seguros Agrarios (ENESA) e a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia para o intercambio de datos a efectos do control de subvencións aos seguros agrarios dos beneficiarios

Este convenio tiña efectos desde a data de publicación no BOE tras a súa inscrición no Rexistro electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal e tiña unha duración de 4 anos.

Este convenio establecía a posibilidade de ser prorrogado, previo acordo unánime das partes, por outro período de catro anos salvo denuncia expresa en contra dalgunha das





partes, polo que o 13 de decembro de 2021 asinouse unha prórroga por catro anos adicionais, que remata no mes de decembro deste ano 2025.

OBXECTO E FINALIDADE

O Convenio de colaboración ten por obxecto definir os termos e as condicións de colaboración entre as partes para a realización do control integral de subvencións aos Seguros Agrarios (en diante CIAS) subscritos por beneficiarios da Comunidade Autónoma de Galicia, entendendo por tales aqueles interesados cuxa razón social, a efectos da póliza ou pólizas subscritas, atópese dentro do territorio da devandita Comunidade.

A finalidade deste convenio é a de mellorar o sistema de control de subvencións.

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

ENESA require da información residente e xestionada pola Comunidade Autónoma para realizar a comprobación dos requisitos esixidos na percepción das diferentes subvencións e os controis sobre as pólizas de seguro presentadas a liquidación por parte da Agrupación Española de Entidades Aseguradoras dos Seguros Agrarios Combinados (AGROSEGURO, S.A.). Pola súa banda, a Consellería Do Medio Rural da Xunta de Galicia require da información procedente dos resultados dos controis realizados por ENESA como paso previo á concesión de subvencións aos seguros agrarios subscritos dentro do seu territorio.

En consecuencia, as partes manifestan o seu interese en establecer directrices de cooperación administrativa entre a Comunidade Autónoma e ENESA, co fin de normalizar o intercambio de información, dotándoo de permanencia e periodicidade fixa, de xeito que tanto ENESA como a Administración autonómica resulten beneficiadas, reforzando á súa vez os seus respectivos mecanismos de control

Para o cumprimento do convenio, ENESA comprométese a:

1. Proporcionar á Comunidade Autónoma a listaxe de DNI/NIF do seu ámbito para que proceda a cruzar os datos correspondentes.
2. Constituír a base de datos CIAS.
3. Aplicar os resultados de control obtidos da devandita base de datos a todas as pólizas que os interesados subscriban nesa Comunidade Autónoma.
4. Realizar os controis das subvencións aos seguros agrarios.
5. Ceder á Comunidade Autónoma os resultados dos devanditos controis, no seu ámbito xeográfico, no formato que resulte máis conveniente. ENESA proporcionará a información con carácter semestral, como moi tarde o 30 de xuño e o 31 de decembro do ano en curso.





ENESA será responsable da xestión dos datos persoais que as Comunidades Autónomas cedan para os propósitos do control de subvencións, comprometéndose a utilizar os devanditos datos unicamente para a realización deste proceso de control.

Para o cumprimento do convenio, a Comunidade Autónoma comprométese a proporcionar a ENESA os resultados dos cruces de información proporcionada por ENESA, relativa ás bases de datos que xestione no ámbito das súas competencias, en particular:

Socios de organizacións de produtores de froitas e hortalizas.

Agricultores novos.

Explotacións Prioritarias

Contratos territoriais de zona rural.

Socios de ADV/ADSV/ATRIA/API.

Producción integrada.

Producción ecolóxica.

Por outra banda, o Real Decreto 425/2016, do 11 de novembro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións da Administración Xeral do Estado ao Seguro Agrario, recolle, nos seus artigos 16 e 17 e no anexo III, a constitución e forma de xestión da Base de Datos para o Control Integral de Acceso a Subvencións (CIAS) en ENESA. E máis concretamente, no 17.4, establécese que, co obxecto de mellorar o sistema de control de subvencións, ENESA poderá celebrar convenios de colaboración con las comunidades autónomas para o intercambio de información relativa a las pólizas contratadas.

Con data 15/01/2025 publicouse a ORDE do 26/12/2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento da contratación dos seguros agrarios na Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2025.

No seu artigo 4.2. establécese que a contratación da póliza de seguro constitúe unha declaración do asegurado de que reúne os requisitos exixidos nas normas reguladoras sobre subvencións e axudas públicas, de acordo cos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No mesmo artigo, no seu segundo parágrafo, tamén se establece que, en aplicación da dita Lei 9/2007, do 13 de xuño, a contratación da póliza de seguro polo solicitante implica a autorización deste para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación do cumprimento dos ditos requisitos a través de certificados telemáticos, salvo denegación expresa daquel.





Na propia Orde do 26/12/2024, en aplicación da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a contratación da póliza de seguro polo solicitante implica a autorización deste para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación do cumprimento dos ditos requisitos a través de certificados telemáticos, salvo denegación expresa daquel. Para iso, segundo se recolle nos artigos 16 e 17.4 e no anexo III do Real decreto 425/2016, do 11 de novembro e no artigo 7.3 desta orde, a Consellería do Medio Rural establece un convenio de colaboración con Enesa para o intercambio da información da Base de datos de control integral de acceso a subvencións (CIAS).

CONTIDO ECONÓMICO

O presente convenio non contén contido económico

VIXENCIA DO CONVENIO

Dado que o convenio anterior remata a súa vixencia no mes de decembro de 2025, é de interese desta Administración a sinatura dun novo convenio para a xestión das axudas para o fomento da contratación dos seguros agrarios na nosa comunidade autónoma, polo que se propón a celebración deste novo convenio.

O Convenio de colaboración terá efectos desde a data da súa firma e terá a duración de catro anos, podendo ser prorrogado previo acordo unánime de ambas partes por outro período de catro anos, salvo denuncia expresa en contrario dalgunha das partes presentada cun mes de antelación.

O Director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.
Silvestre José Balseiros Guinarte

